

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

*RESOLUCIÓN do 28 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2022/23.*

Co obxecto de estender o programa de plurilingüismo á etapa postobrigatoria de bacharelato para o curso 2022/23, esta Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolve anunciar:

Primeiro. Que na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) estará dispoñible a regulación e convocatoria de incorporación de centros para participar no bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) para o curso 2022/23.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será ata o 30 de abril de 2022 e a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que os centros que desexen impartir o programa de PluriBach deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2022

Jose Luis Mira Lema  
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

CVE-DOG: 790qqjn7-3ck0-jek2-cof7-f4zfjc7jz29

